

# PREGUNTAS E DÚBIDAS DO ALUMNADO DOS INSTITUTOS DO GROVE RELACIONADAS COA PANDEMIA DE COVID-19

## PREGUNTAS DO ALUMNADO DO IES MONTE DA VILA

### **1. O coronavirus pódenos matar ou deixarnos secuelas despois de estar os quince días de corentena?**

O que se sabe ata o de agora é que nas persoas que foron positivas asintomáticas non hai ningún tipo de secuelas, igual que non houbo ningún tipo de síntomas. Se por corentena falamos de quen foi un contacto estreito dun positivo pero nunca positivizou a PCR (sintomática ou asintomaticamente), considérase que esas persoas non tiveron Covid e, polo tanto, continúan a ter a mesma posibilidade que calquera outra de contraela doutro positivo.

### **2. Por que hai xente que é asintomática, por que outras persoas teñen síntomas leves e por que outras están en estado grave nas UCI se é o mesmo virus?**

Isto é algo que aínda non se sabe. Estatisticamente, adoita ser máis sintomático e ter posibilidade de ser máis grave canda máis idade se ten. Pero tal e como vos contei no vídeo anterior, pode cursar con síntomas graves en calquera idade, mesmo sen ter ningunha enfermidade previa. Vouvos pór un exemplo con algo máis coñecido: un mosquito pode producir efectos diferentes en tres persoas e cada unha delas ter unha reacción diferente, aínda sendo o mesmo mosquito; a uns failles unha reacción mínima, a outros ínchalles unha boa cantidade de pel e a outros nin sequera lles pica. É o que se chama “susceptibilidade individual”.

### **3. Que molestias lle pode provocar a alguén despois de que estivese contaxiado?**

As secuelas máis frecuentes acostuman ser a tose (que pode tardar semanas en desaparecer), o cansazo, nalgúns casos persiste durante un tempo a perda do olfacto e dos sabores. En casos moi graves poden quedar secuelas permanentes a nivel respiratorio, circulatorio e mesmo neurolóxico.

### **4. Que vacina se vai facer para o coronavirus?**

Estanse experimentando en diferentes laboratorios diferentes técnicas para conseguir unha vacina. Unha das máis prometedoras e que daría probablemente unha inmunidade máis permanente é a que se está estudando no laboratorio Carlos III, en Madrid, feita por enxeñeira xenética..., pero leva máis tempo chegar a ela. O importante neste momento é ter unha primeira ou primeiras vacinas que nos permitan en principio ter protexida a xente máis vulnerable e con máis risco vital se se contaxian, e despois voltar á nosa normalidade de antes da pandemia e que sexa segura, aínda que o efecto non sexa permanente e teñamos que revacinarnos cada certo tempo á espera dunha vacina con efectos definitivos.

## **5. Despois de ter a Covid, quédache algún problema, por exemplo nos pulmóns ou noutro órgano?**

En casos moi graves, nos que se produciron pneumonías moi intensas, pode quedar afectada parte do pulmón cronicamente (isto quere dicir para sempre). Tal e como vos dixen noutra resposta, pode haber secuelas permanentes a nivel neurolóxico e cardiocircular, aínda que son menos frecuentes.

## **6. Se xa tiveches o coronavirus, podes volver a telo? E se é así, aféctache tanto como a primeira vez?**

Pois parece que si, que xa ten habido algún caso de reinfección. Moi poucos, en comparación coa cantidade de xente que se infectou e pasou a enfermidade. O que se sabe ata o de agora é que quen se reinfecta, aparentemente ten síntomas máis leves.

Tampouco sabemos, polo de agora, canto duran as defensas que xera o noso sistema inmunitario cando xa pasamos a enfermidade.

## **7. Como lle pode afectar o coronavirus a alguén da nosa idade?**

Xeralmente nas vosas idades o máis frecuente é pasar a enfermidade de xeito asintomático ou con síntomas leves. Pero tamén (aínda que con menor frecuencia que nas persoas adultas) pode cursar de forma tan grave como para terdes que ser hospitalizados ou mesmo internados en unidades de coidados intensivos.

## **8. O coronavirus ten cura?**

Como ocorre coa maioría das enfermidades víricas, non hai unha cura. Temos tratamentos que poden axudar a mellorar os seus síntomas mentres o noso sistema loita contra o virus ata conseguir vencelo. É o noso sistema inmunitario o que ten que rematar vencendo o virus e, polo tanto, curando a enfermidade.

## **9. Como se transmite o coronavirus?**

Espero que a estas alturas sexades vós quen poidades responderlle esa pregunta a calquera que vola faga!

## **10. Habería algunha maneira de facer máscaras caseiras que de verdade funcionen, como con calzóns ou con papel hixiénico?**

Todo tipo de tecido ten, en maior ou en menor medida, algún grao de protección, pero sabendo da gravidade da enfermidade, debemos procurar ter a maior protección posible. As mascaracas caseiras, polo tipo de materiais dos que dispomos para facelas, nunca poden chegar ao nivel de protección que dan as FFP1 ou FFP2. Certo é que é mellor unha caseira que non levar protección ningunha, e que cando non había xeito de comprar as de mellor protección porque non se daban fabricado tantas como se necesitaban, cumpriron soa súa función, pero neste momento, podendo ter unha maior protección, por que non usala?

## **11. Teño que levar máscara se estou con alguén da miña casa a quen sexa fácil contaxiar?**

Debes de levar máscara na túa casa se tiveches contacto estreito con alguén que fose diagnosticado ou se tes síntomas compatibles coa Covid. Eu particularmente son partidario de que no contacto con persoas moi vulnerables (encamadas ou con enfermidades crónicas graves) mesmo nos nosos domicilios se extremen as precaucións ata o punto de usar máscaras na súa presenza.

### **12. Esta situación está mellorando ou empeorando?**

A situación no Grove neste momento está estabilizada e con lixeiros e lentos descensos. Alcanzou os seus máximos na terceira semana de outubro e na terceira semana de novembro. O que si que estamos a ver é que arredor de 10 días despois de datas sinaladas e festivas as cifras se incrementan..., e non cremos que sexa casualidade!

### **13. Por que non se unen todos os científicos e crean unha única vacina?**

Non é malo que teñamos diferentes liñas de investigación para a vacina. Iso fai que se algunha destas falla non se teña que comezar de cero novamente, aumentando o tempo para conseguir o obxectivo.

Pero o por que de que non se unan todos é porque a maioría desas liñas de investigación están sendo estudadas e desenvolvidas por empresas privadas, que saben que a primeira que consiga a vacina cunha alta protección e poucos efectos secundarios terá un mercado potencial de centos ou mesmo de miles de millóns de clientes e, polo tanto, os seus beneficios serían enormes!

### **14. Cal é o índice da enfermidade no Grove?**

Non hai un único índice. Os que máis se utilizan son os de incidencia acumulada en dúas semanas (cantos novos casos se diagnosticaron nesas dúas semanas) e o número de positivos activos. A incidencia acumulada dinos como está a ser a progresión de contaxios nun período de tempo. O número de positivos activos é unha foto fixa de canta xente é nese momento potencialmente contaxiosa. Na fin da semana pasada, a incidencia acumulada en 14 días superaba os 50 casos novos. O número de positivos activos era un pouco inferior. Iso ten un porqué: a incidencia acumulada mide positivos novos en 14 días, pero unha persoa que sexa diagnosticada pode ter alta epidemiolóxica pasados 10 días do diagnóstico se non ten síntomas en ningún momento ou, polo menos, nos últimos 3 días.

### **15. Quédanos moito por coñecer deste virus?**

Xa vedes que en moitas das preguntas a miña resposta é que non se sabe polo de agora..., que está en estudo..., que se cre... É imposible falar de certezas absolutas cunha enfermidade da que só temos constancia desde hai aproximadamente un ano. Podemos, por exemplo, saber secuelas ou alteracións a curto e medio prazo, pero é imposible saber o que pode producir en cinco anos, porque non hai ninguén que a tivese hai cinco anos! E mesmo cousas que inicialmente se sabían, co paso do tempo ampliáanse e algunhas mudan polos resultados de novas investigacións.

### **16. Que fórmulas podemos utilizar para evitar a entrada do virus nas residencias de maiores?**

Pódense facer moitas cousas:

Tentar levar a cabo rigorosamente, na medida do posible, as medidas de prevención que lle aconsellamos ao resto da poboación, aínda que ás veces é complicado polas características das persoas usuarias desas institucións.

Cribados periódicos de todas as persoas usuarias e das que traballan alí.

Illamento precoz de calquera persoa usuaria ou traballadora ante calquera síntoma compatible.

Seguimento exhaustivo e escrupuloso de todas as medidas de protección por parte de quen traballa nesas institucións e de quen vai de visita.

Bos sistemas de ventilación ou de purificación de aire.

Encontrar un sistema de monitorización efectivo e barato para evitar que o persoal ou as visitas contaxiadas e asintomáticas entren ao seu interior e poñan en risco as persoas usuarias. Esperemos que isto se poida facer mediante os test de antíxenos que se están implementando neste momento para o diagnóstico.

### **17. É certo que a vacina pode producir encefalite?**

NON. Na fase 3 dos estudos de calquera medicamento (última fase de experimentación en humanos) avalíanse os posibles efectos secundarios que poidan aparecer. Nun estudo con mais de 30.000 persoas de diferentes idades e condicións de saúde poden aparecer, lóxicamente, enfermidades durante o tempo de estudo. O que se fai é avaliar se esas enfermidades ou síntomas illados teñen ou non teñen que ver co medicamento. Que entre 30.000 persoas apareza un caso de encefalite non quere dicir que sexa debido á vacina. Pode ser debido a outras cousas. O laboratorio ten que demostrar que non foi a causa, porque se o fose terían que facer modificacións nela ou directamente anular ese medicamento. Cando se comercialice a vacina, será segura. Terá que ter a aprobación da FDA (americana) e da EMA (europea), e ningunha das dúas se vai arriscar a facerse responsable de dar a súa aprobación con efectos secundarios tan graves.

### **18. Cal se cre que foi a orixe da enfermidade? Erro humano nun laboratorio, propagación por animais...?**

Crese que foi o consumo de animais salvaxes infectados (concretamente, morcegos) cun coronavirus mutado con capacidade de infectar humanos. O brote inicial foi nun mercado de animais.

### **19. Todas as vacinas que están a piques de saír están compostas de virus da Covid-19?**

Non. De todas as vacinas que están xa en fase de investigación en humanos, ningunha utiliza coronavirus atenuados. O que se utilizan son virus vivos doutro tipo e sen capacidade de producir enfermidades, pero si de reproducirse (chamados “virus vectores”), aos que se lles engaden proteínas na súa superficie iguais que as que ten o coronavirus. Outra liña, por exemplo, son as vacinas realizadas por enxeñería xenética. Por exemplo, con introdución de ARN-mensaxeiro sintético.

### **20. Cal é o procedemento que se segue para desenvolver unha vacina?**

Recoñecemento e illamento do microorganismo para o que queremos facer a vacina.

Estudo dos seus antíxenos e decisión de liña de investigación da vacina.

Estudo en animais, tanto dos efectos dos antíxenos como dos anticorpos que serán formados coa administración da vacina.

Estudos en humanos en tres fases: I, II e III (esta última, xa con milleiros de persoas).

### **21. Que porcentaxe de efectividade ten cada unha das vacinas que están a piques de saír?**

As porcentaxes de efectividade, segundo os propios laboratorios que as fabrican, serían superiores ao 90 %, que é altísimo! No inicio falábase de que calquera vacina cunha efectividade superior ao 70% xa sería boa. Polo de agora, o que non hai son estudos independentes desa efectividade nin os estudos de fase III están rematados. Son só resultados preliminares do que están vendo antes de rematar completamente os estudos.

### **22. Quen ten que vacinarse en primeiro lugar?**

Hai que priorizar a vacinación de grupos de risco (persoas maiores, persoas con enfermidades crónicas susceptibles de empeorar se son infectadas ou de agravar os síntomas de Covid pola súa enfermidade de base...) e persoas con traballos imprescindibles na nosa sociedade (corpos de seguridade do Estado, corpos de protección como os bombeiros e o persoal sanitario).

### **23. É verdade que nos van multar se non queremos pór a vacina?**

Non. A lexislación española dános o dereito de vacinarnos, pero non o deber de facelo. Para poder obligar a vacinarse ou multar a quen non o faga terían que facerse cambios lexislativos.

### **24. Una vez que nos vacinemos todos, acabarse o problema? É dicir, deixaremos de usar máscaras e poderemos reunirnos cos nosos amigos?**

Si. Se todos estamos vacinados, non haberá xa un porqué para continuar a usar medidas de prevención.

## **PREGUNTAS DO ALUMNADO DO IES AS BIZOCAS**

### **SOBRE A VACINA**

#### **1. É verdade que a vacina a van sacar en xaneiro para médicos e persoas maiores?**

Espérase que en xaneiro comecen a chegar as primeiras doses. E ao non poder vacinar ao mesmo tempo preto de 50 millóns de persoas, farase por fases, atendendo prioridades. En primeiro lugar serán vacinadas as persoas de máis risco, que son as persoas maiores ou con enfermidades que poidan facer que a Covid agrave o seu estado ou supoña un risco vital. Ao mesmo tempo vacinarase o persoal de maior imprescindibilidade para a seguridade e a protección do país, como sanitarios (non só médicos!), forzas e corpos de seguridade do Estado e bombeiros.

#### **2. Se o coronavirus é como unha gripe, por que se nos vacinamos da gripe non lle afecta ao coronavirus?**

Que os seus síntomas sexan como os dunha gripe non quere dicir que sexan a mesma cousa nin que entre eles sexan iguais nin que unha única vacina sirva igual para os dous virus. Cada vacina é específica dun microorganismo diferente. Actúa como un software de recoñecemento facial ou de recoñecemento da vosa impresión dixital nos móbiles. Fai que o voso sistema de defensas recoñeza unicamente ese virus e o ataque se tedes contacto con el. Cada virus ten unha cobertura diferente dos outros (igual que cada un de nós ten unha cara e unha impresión dixital diferentes ás das demais persoas) e as vacinas fan que o noso sistema inmune recoñeza especificamente o virus para o que están preparadas como algo estraño e potencialmente perigoso que ten que ser

neutralizado. No caso, por exemplo, do virus da gripe, a súa cobertura muta anualmente, por iso se necesita unha vacina nova cada ano.

### **3. É obrigatoria a vacina? Por que?**

Que eu lembre, neste momento ningunha vacina é obrigatoria, porque a lexislación española non o permite. Pero por razóns de seguridade e saúde pública poderíanse chegar a mudar as leis para tentar que así fose.

### **4 A vacina será gratis ou hai que pagala?**

Será gratuíta.

## **SOBRE AS MÁSCARAS**

### **5. Cando se vai deixar de usar a máscara?**

Cando deixe de haber risco de contaxio.

### **6. Que efectividade ten cada tipo de máscara? Cal é a máis recomendable?**

As máscaras hixiénicas, caseiras e cirúrxicas protexen os demais de seren contaxiados pola persoa que a leva posta, pero a persoa que a leva posta non esta protexida se os demais non a levan.

As FFP2 con válvula de exhalación protexen a quen a leva de contaxiarse dos demais, pero non aos demais de contaxiarse de quen a leva.

As FFP2 sen válvula de exhalación protexen a quen a leva de contaxiarse dos demais e aos demais de contaxiarse de quen a leva.

Se todos levamos máscara, é suficiente con que levemos as cirúrxicas.

Se imos estar nun ambiente onde alguén poida sacala ou saibamos que outros non as usan correctamente, é máis aconsellable a FFP2 sen válvula de exhalación.

### **7. Se gardamos a distancia de seguridade, por que hai que usar máscara?**

Para protexernos da posibilidade de contaxio por aerosois que, tal e como vos expliquei no primeiro vídeo, se manteñen no aire durante varias horas e se expanden como o faría o fume.

### **8. Se no instituto estás coa xente, por que fóra non podes quedar coa xente se usas máscara?**

Porque no instituto tedes un espazo limitado por onde movervos e onde estar, e unha boa cantidade de profesorado controlando que de verdade se estean usando todas as medidas de protección adecuadamente. Fóra del, esas dúas premisas non existen.

Desgraciadamente, a realidade demóstranos que cando non se teñen persoas controlando o cumprimento de todas as medidas, a xente reláxase o non as cumpre. Xa sabemos que non todo o mundo fai o mesmo e que están pagando xustos por pecadores, pero é imposible e inviable darlles permiso a uns e a outros non coas mesmas características e para as mesmas cousas.

**9. Está permitido facer deporte nun local pechado sen máscara nin distancia?**

NON.

**10. En deportes ao aire libre, como o fútbol, é obrigatoria a máscara?**

En deportes de equipo e non profesional si é obrigatoria. Por que no profesional non o é? Porque teñen posibilidades e recursos para facer probas diagnósticas, mesmo varias veces por semana, para asegurar que quen está no campo non pon en risco a saúde das demais persoas.

**11. Por que para a poboación sa se recomendan as máscaras de tea e cirúrxicas e non as FFP2?**

Porque se todos as levamos, todos estamos protexidos. Mirade a explicación sobre protección das máscaras que escribin antes. Nós, desde o Concello, por exemplo, aconsellamos que o persoal que atende clientes nos bares e restaurantes use FFP2, porque son lugares onde a clientela vai pasar tempo sen máscaras, e isto deixaría eses empregados desprotexidos mentres os atenden se só usan cirúrxicas ou de tea.

**12. Protexe máis levar 2 máscaras?.**

NON.

**SOBRE A GRAVIDADE DA SITUACIÓN**

**13. Cando van empezar a dicir os casos reais e non os que queren?**

No Grove estanse dando desde o primeiro día os datos reais de incidencia e contaxios.

**14. Os casos que din, son os que de verdade hai?**

Si. Pode haber variacións mínimas dun ou dous casos arriba ou abaixo, porque posteriormente ao envío de datos dun día se teña dado algunha alta epidemiolóxica máis desde os servizos de control Covid, ou apareza a última hora do día algún positivo máis, pero estes contaríanse no día seguinte.

**15. Se a situación actual é grave, por que non pechan os colexios?**

Repito novamente que mesmo tendo clases presenciais e no momento de máxima incidencia da enfermidade na nosa vila, o número de persoas contaxiadas nos centros educativos foi escaso e o número de contaxios con trazabilidade nese ámbito redúcese a un posible e outro probable. Este dato lévanos a pensar que os nosos colexios son lugares seguros epidemioloxicamente falando e que o traballo de control dos vosos profesores e o voso seguimento das medidas está sendo bo. Se nalgún momento non for así, optaríase novamente por voltar ás clases telemáticas.

**16. Que tería que suceder para que nos volvesen a confinar aquí no Grove?**

Que houbese unha orde dunha instancia superior nese sentido (Xunta ou Goberno central).

### **17. É tan grave a situación como parece ou os medios de comunicación esaxeran para gañar audiencia?**

Tal e como vos dixen no primeiro video, neste momento en España calcúlase que estamos preto do millón e medio de contaxiados e dos 45.000 mortos. Non vos parece grave esa cifra sabendo que non hai unha cura e que polo de agora non temos vacina para non contraela? Pois extrapolemos esas cifras á poboación total do país (47.000.000) e a cando a totalidade dos españoles estivesen contaxiados: a cifra de mortos podería elevarse a máis de 1.300.000..., e iso só falando da mortalidade directa debida ao coronavirus! Hai que pensar tamén na capacidade do sistema sanitario para poder atender e tratar a todos estes doentes, á capacidade das UCI e á imposibilidade de poder atender en condicións a toda esta xente e ao mesmo tempo a quen necesita deses mesmos recursos sanitarios por outras enfermidades graves.

## **SOBRE AS MEDIDAS XERAIS E A SÚA EFECTIVIDADE**

### **18. Cando van poder abrir restaurantes e bares?**

a) Cando as incidencias e as posibilidades de contaxio sexan moi baixas.

b) Cando a xente comece a ser consciente e consecuente coas medidas e normas que limitan a posibilidade de contaxio e expansión da pandemia.

### **19. Por que os restaurantes cerran pero outros sitios como os comercios non?**

Porque os restaurantes e bares teñen unha característica que os outros comercios non teñen. Neles a xente saca as máscaras mentres permanece dentro! O problema non son os restaurantes nin as súas medidas de hixiene e prevención (que nos consta que as teñen e que lles custou moito instauralas!), son as persoas usuarias que en canto sentan nas súas cadeiras sacan as máscaras, como se por estaren sentadas non houbera posibilidade de contaxio, e que tanto van con xente coa que conviven como coa que non conviven.

### **20. Poderíase viaxar a outro país onde os casos sexan baixos?**

Se o outro país o permite e se ten unha causa xustificada para o noso país (saúde, traballo, educación...), si. Hoxe en día moitos países esixen unha corentena de 15 días á chegada desde España.

### **21. Se unha persoa está fóra de España por causas de traballo, pode volver ao país independentemente do estado da pandemia?**

Neste momento si, presentando unha PCR (-) feita como moito nas 72 horas previas á chegada a España.

### **22. Pareceche normal, habendo tantas persoas infectadas en Sanxenxo, que deixen que veñan ao Grove e aos de aquí iren alí?**

A día de hoxe que estou escribindo isto (sábado 28 de novembro), o numero de casos no Grove é de 48, de entre unha poboación de arredor de 10.000 habitantes (480 por cada 100.000 habitantes), e o de Sanxenxo é de 84, nunha poboación de arredor de 17.000 habitantes (494 por cada 100.000 habitantes). Aínda que o número de contaxios é maior, a incidencia é moi semellante! Mesmo así, non son partidario das “améndoas” de mobilidade. Sobre todo porque mesmo con incidencias case iguais, as fases son diferentes. Non é o mesmo estar en 500 vindo de estar en 800 (descendendo o numero de casos) que estar en 500 vindo de 200 (plena fase de ascenso).



Non creo conveniente nin necesario mesturar os dous grupos sociais mentres teñamos estes índices de incidencia e a situación non mellore moitísimo máis.

### **23. Os peches perimetrais son efectivos?**

Evitan en certa medida o fluxo de persoas entre dúas poboacións con diferente índice de contaxios e, polo tanto, diferentes probabilidades de contaxiarse, pero non creo que sexan suficientes.

### **24. Por que nos confinaron en marzo e agora non?**

Eu creo que desde mediados de outubro deberíamos de estar novamente confinados.

### **25. Por que non se respectan as normas e non se está multando a xente que queda con non conviventes?**

A pregunta para min é: por que segue a haber xente que queda con non conviventes cando se lle aconsella e mesmo se lle impón por lei o contrario? É imposible pór en cada porta de cada vivenda ou cada poucos metros nas rúas un policía para controlar quen entra e quen sae pedindo certificados de convivencia ou de empadramento. Fanse controis aleatorios en zonas de maior afluencia para que a xente garde as distancias de seguridade e use as máscaras, pero mesmo así, hai quen espera a que a policía se vaia para voltar a xuntarse e a abandonar as medidas de protección. Para min é inexplicable salvo por egoísmo, falta de solidariedade e falta de civismo!

### **26. Por que non se opta pola semipresencialidade?**

Pregunta que non ten resposta nin médica nin epidemiolóxica. En todo caso, habería que preguntarllela ás autoridades educativas e sanitarias da Xunta. Pero si vos vou dicir que onde se tentou instaurar houbo protestas intensas por parte dos colectivos de nais e pais e das ANPA polo agravio comparativo cos colexios onde non había semipresencialidade..., e non pedindo que houbera semipresencialidade en todos, senón pedindo que os alumnos do seu instituto tivesen todas as clases presenciais. Tamén vos lembro que mesmo tendo clases presenciais e no momento de máxima incidencia da enfermidade na nosa vila, o número de persoas contaxiadas nas institucións educativas foi escaso e o número de contaxios con trazabilidade neste ámbito redúcese a un posible e outro probable. Este dato lévanos a pensar que os nosos colexios son lugares seguros epidemioloxicamente falando e que o traballo de control do voso profesorado e o voso seguimento das medidas está sendo bo.

### **27. Por que na China apenas hai casos?**

Ver resposta á seguinte pregunta.

### **28. Se na China se conseguiu non ter máis contaxios, Por que non adoptamos as súas mesmas medidas?**

Dunha parte, porque, ao contrario que a poboación chinesa, nós pensamos primeiro no noso beneficio e benestar particular ca no colectivo. Doutra, as medidas de control das actividades da poboación exercidas polo goberno chinés chocarían frontalmente coas de calquera dos réximes democráticos europeos coma o noso.

### **29. Por que na nosa clase só confinaron os catro de diante cando a profe deu positivo, se os profes están por toda a clase?**

Porque un contacto estreito, por definición, é alguén que está a menos de dous metros e durante máis de 10 minutos continuados na presenza de alguén que foi diagnosticado. Suponse que, aínda que a profesora ou o profesor se mova, non pasa máis de 10 minutos quieto noutro lugar que non sexa a súa mesa.

### **30. Por que nas praias non se cumprían as normas anti-covid?**

Porque seguimos estando pouco concienciados da gravidade do que nos pode pasar. Tal e como vos dixen no primeiro vídeo, seguimos tendo máis medo da multa que da posibilidade de contaxiarse. E moita xente, sabendo da imposibilidade de controlar o cumprimento das medidas nas máis de 30 praias que ten o noso municipio durante todas as horas de sol, non facía caso dos consellos nin das normas.

## **SOBRE O FUTURO**

### **31. Estaremos confinados de novo?**

Iso dependerá do noso comportamento. Se a xente comeza a tomar isto de verdade en serio e cumpre as medidas de prevención, non.

### **32. Cando se poderá volver a quedar con non conviventes?**

Legalmente, cando baixemos de incidencias acumuladas a 14 días de 125 contaxios por cada 100.000 habitantes. Dependerá de nós e do rigorosos que sexamos no cumprimento das medidas preventivas.

### **33. Vaise volver á normalidade nalgún momento? Cando?**

Si. Probablemente, se os prazos de comercialización da vacina se cumpren, o verán de 2021 será xa máis normal que o anterior. Para volver á nosa vida habitual plena previa á pandemia probablemente sexa máis acertado falar de finais dese ano.

### **34. Vaise poder celebrar o Nadal con non conviventes? Haberá un límite de persoas?**

Non deberíamos; e o límite de persoas debería de ser o das persoas que conviven habitualmente no mesmo domicilio, nin unha máis.

### **35. Cando empezarán as festas do Combo Dominicano e de Panorama?**

É unha pena que esta sexa a túa única dúbida ou mesmo unha preocupación nas circunstancias que vivimos.

### **36. Cres que os deportes federados da zona poderán empezar pronto a tempada?**

Creo que non. Aínda que algunhas federacións comezaron as competicións, nalgúns casos teñen xa máis partidos aprazados que xogados.

### **37. Cando se vai poder quedar?**

Cando os índices de contaxio o permitan polo seu descenso.

### **38. Como van facer os que non teñen traballo e están quedando sen cartos?**

Vai ser unha situación complicada e xa o está sendo para moita xente. O Estado e a Xunta deberán habilitar axudas para que poidan vivir dignamente as persoas que por esta situación comece a ter falta de recursos.

### **39. A cura existe xa?**

Hai un dito de hai moito tempo que di: "Mellor previr que curar". Deberíamos facer caso da sabedoría popular, sobre todo porque cura, desgraciadamente, non temos!

## **OUTRAS**

### **40. O virus contáxiase por contacto?**

A posibilidade de contaxio por contacto existe. Foi o que vos expliquei no primeiro vídeo como “contaxio cruzado”.

### **41. Cando foi o primeiro caso?**

No mundo o primeiro caso do que se ten constancia foi en Wuhan o 17 de novembro de 2019. En España foi un caso importado de Alemaña o 31 de xaneiro deste ano.

### **42. Onde se orixinou o coronavirus?**

Os primeiros casos detectáronse na provincia chinesa de Wuhan, relacionados cun mercado de animais.

### **43. Morreu diante túa alguén con coronavirus?**

Non. O proceso que leva á morte por coronavirus é gradual. Cando os pacientes empeoran e comezan a ter síntomas de gravidade derívanse ao hospital, porque alí hai medios para tratalos que nos PAC ou nos centros de saúde non teríamos. Só en Galicia levamos xa máis de 1.100 persoas falecidas por este virus.

### **44. Poden contaxiar ou contaxiarse os animais?**

Con base na información limitada que existe, considérase pouco o risco de que os animais lles transmitan a Covid-19 á xente. Os animais non parecen ter un papel significativo no contaxio do virus que causa o coronavirus. Porén, si hai estudos que demostran que as nosas mascotas e outros animais se poden infectar e que o primeiro mecanismo de transmisión foi a inxestión de animais infectados.